



INTRODUCCIÓN

Dende o Consello da Muller Nova, con motivo da celebración da semana da igualdade que terá lugar do día 9 ao 13 de outubro, queremos animarvos a participar no presente certame de música pola igualdade.

O obxectivo será visibilizar as desigualdades de xénero existentes na sociedade actual para avanzar na loita pola igualdade real a través da composición de pezas musicais orixinais.

BASES

- XERAIS:
 - Poderán participar solistas ou grupos musicais sempre que os seus compoñentes ensaien no Local de Música de Pontevedra.
 - Ningunha persoa poderá participar en máis dun grupo.
- REQUISITOS:
 - Deben ser letras orixinais. Non están permitidas as versións.
 - Presentarase en vídeo formato MP4.
 - A duración será como máximo de 5 minutos.
 - A temática arredor da cal xirará a composición será a igualdade de xénero; é dicir, visibilizar de xeito claro as desigualdades de xénero existentes na sociedade entre mulleres e homes.
 - A letra da composición será integramente en galego.

PRAZO E FORMATO DE INSCRICIÓN:

- Os textos das cancións, xunto cos respectivos vídeos gravados durante un ensaio, deberán ser enviados á atención da comisión organizadora ao seguinte enderezo de correo igualdade@atlanticponte.com. Poderanse usar plataformas tipo velaqui.gal ou wetransfer.com para anexar os vídeos.
- Para participar, as inscricións das e dos participantes deberanse facer no mesmo enderezo electrónico que o vídeo en formato MP4 e a letra, xunto co nome dos/das compoñentes do grupo ou solista, entre o día 1 de xullo e o 31 de agosto .
- O grupo ou persoa gañadora será anunciada o día 10 de setembro a través do blog da Concellería de Igualdade ponteeningualdade.blogpost.com.
- As pezas musicais participantes que cumpran coas bases expostas con anterioridade serán publicadas no devandito blog e plataformas de vídeo.
- O/A solista ou grupo gañador terá a oportunidade de actuar durante 15 minutos, sempre que as cancións respecten os criterios establecidos con anterioridade, como abreconcertos dun artista convidado/a o día 11 de outubro no Teatro Principal.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valoraranse positivamente a orixinalidade e as propostas que presenten un contido máis crítico ante as desigualdades existentes na sociedade actual: brecha salarial, prexuízos... así como aquelas que divulguen os principios da igualdade real entre mulleres e homes: aspectos como a corresponsabilidade, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, etc.